

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE
RIBEIRA O DÍA 23 DE MARZO DO 2023.**

ASISTENTES:

Presidente: RUIZ RIVAS MANUEL SANTOS Membros que asisten: SAMPEDRO FERNANDEZ MARIA JOSE PEREZ OUTEIRAL MANUEL EMILIO DOVAL SAMPEDRO RAMON JOSE BARREIRO REGO ANA ISABEL REIRIZ LAMPON VICTOR BRION SANTAMARIA JUANA MARIA SAMPEDRO AGEITOS JAVIER VENTURA	Interventor: BAO CASTRO PABLO Secretario Xeral: SALGUERO DEL VALLE JUAN MANUEL Membros que non asisten:
---	---

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribeira, sendo as 09:30 do día Vinte e tres de Marzo do Dous mil vinte e tres, reúnen os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada na data 16/03/2023

2.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202303/326

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 15/03/2023. DECRETO: "CONSULTA PÚBLICA PREVIA "Municipalización do APARCADOIRO SUBTERRÁNEO NO DENOMINADO CAMPO DA FEIRA""

3.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DUN POSTO DE VENDA AMBULANTE – JULIA ZAPATA ACK

Visto o escrito presentado por **Julia Zapata Ack**, de data 15/03/2022 (Registro de entrada nº 6.691), no que solicita autorización para a instalación dun posto de venda ambulante (améndoas), os días 1 ao 9 de abril de 2023, situado na Avenida do Malecón (Ribeira),



enfrente do Bar Bulebar.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar** a **Julia Zapata Ack** para a instalación dun posto de venda ambulante (améndoas), os días 1 ao 9 de abril de 2023, situado na Avenida do Malecón (Ribeira), enfrente do Bar Bulebar.
- Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais (De ser o caso).
- Deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a ubicación exacta do citado posto de venda ambulante.
- Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

4.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DUN POSTO DE VENDA AMBULANTE – Raquel Díaz Petrovich

Visto o escrito presentado por **Raquel Díaz Petrovich**, de data 21/03/2022 (Registro de entrada nº 7.204), no que solicita autorización para a instalación dun posto (3 m.) de venda ambulante de comida (patacas e perritos), os días 31 de marzo de 2023 ao 9 de abril de 2023, situado na Avenida do Malecón (Ribeira).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar** a **Raquel Díaz Petrovich** para a instalación dun posto (3 m.) de venda ambulante de comida (patacas e perritos), os días 31 de marzo de 2023 ao 9 de abril de 2023, situado na Avenida do Malecón (Ribeira).
- Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais (De ser o caso).
- Deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a ubicación exacta do citado posto de venda ambulante.
- Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

5.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DUN POSTO DE VENDA AMBULANTE – Imad Balaout

Visto o escrito presentado por **Imad Balaout**, de data 21/03/2022 (Registro de entrada nº 7.219), no que solicita autorización para a instalación dun posto (3 m.) de venda ambulante de comida (pizzas), o día 5 de abril de 2023, situado na Avenida do Malecón (Ribeira).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar** a **Imad Balaout** para a instalación dun posto (3 m.) de venda ambulante de comida (pizzas), o día 5 de abril de 2023, situado na Avenida do Malecón (Ribeira).
- Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais (De ser o caso).



- c) Deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a ubicación exacta do citado posto de venda ambulante.
- d) Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

6.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DUN POSTO DE VENDA AMBULANTE – José Luis Méndez Romero

Visto o escrito presentado por **José Luis Méndez Romero**, de data 22/03/2022 (Registro de entrada nº 7.286), no que solicita autorización para a instalación dun posto (6 m.) de venda ambulante de comida (patacas e perritos), o día 5 de abril de 2023, situado na Avenida do Malecón (Ribeira).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- a) **Autorizar** a **José Luis Méndez Romero** para a instalación dun posto (6 m.) de venda ambulante de comida (patacas e perritos), o día 5 de abril de 2023, situado na Avenida do Malecón (Ribeira).
- b) Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais (De ser o caso).
- c) Deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a ubicación exacta do citado posto de venda ambulante.
- d) Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

7.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DUN POSTO DE VENDA AMBULANTE – Beatriz Gómez Costa

Visto o escrito presentado por **Beatriz Gómez Costa**, de data 22/03/2022 (Registro de entrada nº 7.291), no que solicita autorización para a instalación dun posto (3 m.) de venda ambulante de comida (patacas e perritos), o día 5 de abril de 2023, situado na Avenida do Malecón (Ribeira).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- a) **Autorizar** a **Beatriz Gómez Costa** para a instalación dun posto (3 m.) de venda ambulante de comida (patacas e perritos), o día 5 de abril de 2023, situado na Avenida do Malecón (Ribeira).
- b) Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais (De ser o caso).
- c) Deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a ubicación exacta do citado posto de venda ambulante.
- d) Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.



8.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

COMUNICACIÓNS DE OBRA MENOR INFORMADAS FAVORABLEMENTE O 09.02.2023:

20523 25.10.2022 INICIATIVAS TURÍSTICAS GALLEGAS, S.L., sustitución de maderas de fachada de 6 bungalos, en Camping Ría de Arosa.

COMUNICACIÓNS DE OBRA MENOR INFORMADAS FAVORABLEMENTE O 28.02.2023 :

3393 07.02.2023 DOLORES GUDE SAMPEDRO, reparación parcial del tejado de la vivienda, rúa das Pedras, nº 24, Aguiño.

COMUNICACIÓNS DE OBRA MENOR INFORMADAS FAVORABLEMENTE O 14.03.2023:

4178 16.02.2023 AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA, "señalización do roteiro Eurovelo 1".

COMUNICACIÓNS DE OBRA MENOR INFORMADAS FAVORABLEMENTE O 15.03.2023:

2748 01.02.2023 PAULA CHICO AGRAFOJO, tabiques divisorios de pladur, en Plaza do Concello, 11, entresuelo D, Ribeira.

2830 02.02.2023 JORGE MINIÑO RIVAS, pavimento para carretera interior, en Pumariño, 10.

2849 02.02.2023 ROSA MARÍA PÉREZ REY, cierre de finca, Pedras Miudas, Aguiño.

2960 03.02.2023 ANGEL PÉREZ OUTEIRAL, retirar plaqueta y pintar fachada, en rúa Padre Feijoo, 6, Ribeira.

3700 10.02.2023 SUMINISTROS OUTEIRO, S.L., acondicionamiento de local, en Avda. da Constitución, Ribeira.

3023 03.02.2023 JOSÉ MANUEL AYASO SOBRIDO, renovación de baño y cocina, en rúa de Lugo, 2-5ºC, Ribeira.

3018 03.02.2023 PESQUERIAS RIVEIRENSES S.L., acondicionar pared para contador, en polígono industrial de Xarás.

COMUNICACIÓNS DE OBRA MENOR INFORMADAS FAVORABLEMENTE O 16.03.2023:

3212 06.02.2023 COMUNIDAD DE PROPIETARIOS A LADEIRA, tratamiento de fachadas y sate, en A Ladeira, Corrubedo.

5986 31.03.2022 C.P. EDIFICIO MARZAL, mejora accesibilidad (sustitución de ascensor), edificio Marzal, sito en rúa Sidreiras, 2.

9.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA – José María García Brión

Visto o escrito presentado por **José María García Brión**, de data 03/02/2023 (Rexistro de entrada nº 2.977), no que solicita información urbanística en relación a parcela con referencia catastral nº 3938607MH9133N0001HJ.

Visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Técnico, Manuel Sabín Sabín, de data 16/03/2023, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

De acordo con el PLAN GENERAL DE ORDENACION MUNICIPAL de RIBEIRA, aprobado el 17 de Diciembre de 2.002. Al objeto de ver la viabilidad de lo solicitado y ajustarse a la Normativa reseñada, en cuanto a los parámetros urbanísticos y sin entrar en las valoraciones o competencias de otros organismos y La Ley del Suelo 2/2.016, además para



este caso concreto, en el que se señala una finca de referencia catastral 3938607MH9133N0001HJ que está clasificada como **SUELO URBANO RESIDENCIAL EXTENSIVO UNIFAMILIAR AISLADO Tipo A**, con las siguientes determinaciones:

Artículo 157: Ordenanza 6.3 - Residencial extensiva unifamiliar aislada.

1. Definición y ámbito

Comprende esta Ordenanza las áreas de suelo urbano menos densificados de los núcleos urbanos en contacto con las direcciones de carretera y calles definidas en los Planos de Ordenación, en la que se localizan viviendas unifamiliares aisladas con jardines en la parte de su parcela no edificada.

1.1. Obras admisibles

Son admisibles todo tipo de obra de:

Demolición

Reforma

Ampliación

Nueva planta

1.2. Usos globales

Uso global: residencial extensivo.

Uso característico pormenorizado: vivienda unifamiliar.

Usos admisibles: Sólo se admitirán además del uso característico las terciarias que tengan una relación de dependencia directa con el uso principal, tales como restaurantes, hostales, oficinas, comercios y talleres relacionados con las actividades residenciales y del sector primario, permitiéndose el uso dotacional y la vivienda colectiva, conservándose la parcela y el tipo de edificación.

1.3. Tipologías edificatorias

La tipología edificatoria es la de vivienda unifamiliar aislada.

1.4. Normativa sectorial

Cada uso que se incluye en la edificación deberá estar sujeto a la normativa sectorial que le afecte. El uso residencial queda regulado globalmente por las condiciones de habitabilidad del Decreto 311/1992.

2. Parámetros de la edificación

2.1. Condiciones de la parcela

Parcela mínima: Tipo A: 500 m².

Frente mínimo: 12 metros.

Condiciones de forma: La forma de la parcela permitirá la inscripción de una circunferencia de 12 m. de diámetro.

2.2. Condiciones de ocupación

Ocupación máxima de la parcela: Tipo A:- 30%.

Retranqueos: La posición de la edificación quedará retranqueada respecto a los linderos: 3 metros y a las vías la establecida en estas normas.

2.3. Condiciones de volumen

Edificabilidad máxima: Tipo A: 0,8 m²/m²

Computando a estos efectos la planta semisótano a partir de una altura sobre rasante de 1 metro.

Altura de la edificación:

Número plantas: Bajo + una planta + Bajo cubierta, computándose a todos los efectos la edificabilidad consumida en espacios de altura superior a 1,5 m. Se admite la planta sótano.

H. máxima: 6,5 metros.

Altura de coronación: 4,0 m. desde el último forjado.



Los porches abiertos computarán a efectos de edificabilidad la mitad de su superficie siempre que tengan una profundidad mayor que 1 metro.

Las terrazas computarán siempre la mitad de su superficie.

2.4. Elementos arquitectónicos

Cerramiento de parcelas: Sólo se permitirá el cerramiento de las parcelas con elementos opacos de buen acabado hasta una altura máxima de 1 m. pudiéndose aumentar dicha altura mediante elementos diáfanos hasta una altura de 1 metro. En el caso de cierres realizados con piedra natural la parte ciega puede alcanzar una altura máxima de 1,5 metros.

Construcciones auxiliares: Se autoriza una construcción auxiliar por parcela, computando edificabilidad y ocupación. Siempre en una sola planta, con una altura máxima de 3 metros, en el caso de superar los 15 m, solo se autorizaran si existe la edificación principal.

Cuerpos volados cerrados: Se autorizan vuelos sobre las fachadas con una dimensión máxima de 0,9 m. debiendo ser acristaladas en un 50% de su superficie.

Cornisas y aleros: La dimensión máxima del saliente de cornisas y aleros será de 0,4 metros.

Balcones y terrazas: En los cuerpos volados no se autorizará a sobresalir sobre el vuelo permitido con balcones y terrazas. En el resto de los casos su dimensión máxima será de 0,6 m.

Cubiertas: Igual que ordenanza 6.1.

2.5. Condiciones ambientales y estéticas

La intención es la de conseguir una franja de edificación en baja densidad con gran proporción de espacios ajardinados y arboledas.

Cerramientos exteriores y materiales: La volumetría, composición, naturaleza, textura y color de los materiales serán acordes con los utilizados en el proceso de formación del paisaje histórico. Se prohíbe el empleo de más de dos materiales en fachada, adoptando soluciones tipológicas propias del entorno. Se prohíben los muros de bloques sin revestir y pintar.

En la carpintería exterior del edificio se podrán utilizar madera, hierro, aluminio o plástico siempre que estén pintados, lacados o coloreados.

Se prohíbe el aluminio en su color natural.

Composición de fachadas y huecos: Se tomará como referencia la arquitectura popular existente en la zona.

Se recomienda que los huecos de las ventanas deberán tener forma cuadrada o rectangular, en este caso, el lado vertical será siempre mayor que el horizontal.

Integración en el medio natural: La edificación deberá estar integrada en el medio natural, debiendo quedar convenientemente ajardinado el espacio comprendido entre los edificios y los linderos de la parcela.

Conservación de las masas arbóreas: Las edificaciones de la parcela tipo c, deberán conservar las masas arbóreas, permitiéndose talar únicamente el espacio necesario para las edificaciones de nueva planta.

10.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Astilleros Aguiño, S.A.

Visto o escrito presentado por **Astilleros Aguiño, S.A.**, de data 27/06/2022 (Registro de entrada nº 12.286), no que solicita certificación urbanística en relación á edificación sita en parcela con refª catastral nº 8376016MH9087N0001DI na Rúa Porto, nº 24, Aguiño, Ribeira.



Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral, José Martínez de Llano Orosa, de data 17/03/2023, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Revisados os arquivos obrantes nesta Administración, e con independencia do disposto por outras administración, infórmase que non consta nas dependencias municipais pendente de resolver nos últimos seis (6) anos, ningún expediente de disciplina urbanística que afecte á edificación sita en parcela con refª catastral nº 8376016MH9087N0001DI na Rúa Porto, nº 24, Aguiño, Ribeira.

11.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA – Santos Oujo Bello

Visto o escrito presentado por **Santos Oujo Bello**, de data 09/02/2023 (Registro de entrada nº 3.584), no que solicita información urbanística en relación a parcela con referencia catastral nº 15074A008004980000KH, sita en Cubeliños (Ribeira).

Visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Técnico, Manuel Sabín Sabín, de data 15/03/2023, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

De acuerdo con el PLAN GENERAL DE ORDENACION MUNICIPAL de RIBEIRA, aprobado el 17 de Diciembre de 2.002. Al objeto de ver la viabilidad de lo solicitado y ajustarse a la Normativa reseñada, en cuanto a los parámetros urbanísticos y sin entrar en las valoraciones o competencias de otros organismos y La Ley del Suelo 2/2.016, además para este caso concreto, en el que se señala una finca de referencia catastral 15074A008004980000KH en Cubeliño que está clasificada dentro del Suelo Urbano no Consolidado que se desarrollará mediante la delimitación de polígonos a en este caso el **Polígono 16-1 CUBELIÑOS (SANTOS)**. Que se llevará a cabo mediante un Plan Especial con su desarrollo integral de acuerdo con la siguiente ficha:

Polígono número 16-1

Cubeliños (Santos)

1.-Localización

Santa Eugenia.

Plano de Ordenación número 3.11. E: 1/2000

2.-Superficie total: 5.250 m²

3.-Aprovechamientos lucrativos: 5.400 m²

- Residencial máximo: 4.331 m²

- Dotacional privado máximo: 1.069 m²

4.-Superficie cesiones (Sistema Local)

- Red Viaria: 600 m²

- Equipamientos:

- Espacios libres: 1.800 m²

- Total: 2.400 m²



5.-Clase de suelo:
Urbano no Consolidado

6.-Incluido en Área de Reparto número: ARP - P16-1

7.-Objetivos
Obtención de viales y cesiones para zona verde.

8.-Condiciones de edificación

- Altura máxima: B + 1 + A
- Alineaciones:
- Usos: Residencial
- Ordenanza: Número 6

9.-Desarrollo y gestión

El desarrollo de este polígono se realizará mediante Plan Especial con su desarrollo integral, manteniendo las condiciones reflejadas anteriormente. Siendo su gestión por compensación.

10.-Observaciones

La limitación para uso residencial será la establecida en el artículo 11.1.b de la Lei do Solo de Galicia.

12.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA - Yolanda Díaz Costa

Visto o escrito presentado por **Yolanda Díaz Costa**, de data 05/12/2022 (Registro de entrada nº 23.441), no que solicita certificación urbanística en relación á edificación sita en parcela, denominada "Anovado", con refª catastral nº 15074A006090110000KM, situada Deán Pequeno, Ribeira.

Visto o informe técnico emitido ao respecto pola Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira, de data 20/03/2023, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Se solicita certificación municipal conforme unha finca non ocupa nin invade vía pública. Se presenta informe pericial asinado polo Enxeñeiro T. Agrícola don Xerardo Tarrío Calvo. A finca tal como se representa no informe pericial linda polo Sur con camiño. Este camiño non está inventariado no catálogo de vías públicas, aínda que de feito está facendo a función de vía de comunicación entre parcelas do chamado "Poblado", no lugar de Deán Pequeno, según Catastro. A diferenza de superficie entre a escritura e a realidade é, efectivamente, polo terreo que está facendo de camiño (173 m²), que non está cedido legalmente a dominio e uso público. Dito terreo debería incluírse no catálogo de vías municipais.



13.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR D. JUAN M. OLVEIRA ALCALDE POLOS DANOS SUFRIDOS COMO CONSECUENCIA DUNHA CAÍDA NA VÍA PÚBLICA. EXPEDIENTE 2022 RESP000007.

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **D. JUAN MANUEL OLVEIRA ALCALDE** co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

FEITOS

Primeiro.- O día 03 de marzo de 2022, D. Juan Manuel Olveira Alcalde, con DNI número 53.480.442-Z, ía bicicleta polo lugar de Deán Pequeno cando, como consecuencia do mal estado da calzada, perdeu o equilibrio o que fixo que caera ó chan.

Segundo.- Como consecuencia da caída, o Sr. Olveira Alcalde sufriu danos na súa bicicleta, así como en diversas prendas da roupa que levaba no momento do accidente.

Terceiro.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 04/03/2022 co número 3.992, D. José Manuel Olveira Alcalde promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Ribeira polos danos sufridos pola mencionada caída, solicitando unha indemnización total de 307,95 euros, segundo presuposto emitido na data 20/07/2022 pola entidade “Sportbike”.

Cuarto.- Na instrución do expediente de responsabilidade, xuntáronse a el: informe emitido na data 06/09/2022 pola Policía Local; e informe emitido na data 05/01/2023 pola enxeñeira municipal.

Quinto.- Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 10 días hábiles, prazo no que consta a presentación de alegacións por parte de Mapfre como entidade aseguradora do Concello de Ribeira.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.-

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 17/06/2019.

SEGUNDO.-

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

TERCEIRO.-

O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.



De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

De acordo co disposto no artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliable economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 34 da Lei 40/2015, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. Non serán indemnizables os danos que se deriven de feitos ou circunstancias que non se puideran prever ou evitar segundo o estado dos coñecementos da ciencia ou da técnica existentes no momento de produción daqueles, todo elo sen prexuízo das prestacións asistenciais ou económicas que as leis poidan establecer para estes casos. (...) 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación fiscal, de expropiación forzosa e demais normas aplicables, ponderándose, no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. Nos casos de morte ou lesións corporais poderase tomar como referencia a valoración incluída nos baremos da normativa vixente en materia de Seguros obrigatorios e da Seguridade Social. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo da súa actualización á data en que se poña fin ao procedemento de responsabilidade con arranxo ao índice de Garantía da Competitividade, fixado polo Instituto Nacional de Estadística, e dos intereses que procedan por demora no pago da indemnización fixada, os cales esixiranse con arranxo ao establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Presupostaria, ou, no seu caso, as normas presupostarias das Comunidades Autónomas. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para logra-la reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.

O artigo 67.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico ás persoas, o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

CUARTO.-

En referencia agora ó presente caso, **está lexitimado o Sr. Juan Manuel Olveira Alcalde para deducir a reclamación de indemnización dos danos e lesións que pretende por ter sufrido as consecuencias lesivas do accidente** ocorrido na data 03/03/2022 en vía pública, e fíxoo en tempo e forma idóneas, por canto formulou a súa petición antes de transcorrido un ano a contar desde a data do accidente.

A lexitimación pasiva, pola súa parte, corresponde ó Concello de Ribeira, por ser o titular da vía no que ocorreu o accidente, e, polo tanto, ser a Administración responsable da vixilancia e conservación da mesma, pois de conformidade co disposto nos artigos 25.1 d) e 26.1 a) da Lei 7/1985, do 02 de abril, reguladora das bases do réxime local, os municipios



teñen competencia en materia de “infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade”, debendo prestar, en todo caso, o servizo de “pavimentación de vías públicas urbanas”, o que necesariamente inclúe o seu mantemento.

Centrándonos agora na análise da reclamación propiamente dita, o que si parece claramente acreditado é a realidade dos danos sufridos polo Sr. Olveira Alcalde. Así se deduce do presuposto de arranxo da súa bicicleta e reposición das prendas de roupa danadas que achega o reclamante e do informe emitido pola Policía Local na data do sinistro que dispón: **“Que se constata que esta persona tiene dañada la ropa, tanto en el pantalón como en la manga de la chaqueta, así como el sillín spiuk de su bicicleta marca Orbea. Tiene tambien la maneta derecha dañada.”**

Sen embargo, e logo de dar por sentado que non se aprecia a concorrencia dunha causa ou circunstancia de forza maior, **cómpre facer estimación da existencia de nexo de causalidade entre o funcionamento do servizo público municipal e os danos producidos, por canto o reclamante conecta as súas lesións co estado defectuoso no que se atopaba a vía pola que transitaba na data do accidente.**

Da documentación achegada ao expediente na fase de instrución, resulta que:

- **A Policía Local do Concello de Ribeira tivo constancia do accidente polo que se reclama, como así o fai constar no seu informe emitido na data 06/09/2022: “Tal e como se valora no informe, non se observaron deficiencias relevantes no estado do pavimento de natureza adoquinada, que supoñan un risco para a circulación. (...) Non se aprecia negligencia, excepto que según consta no informe e manifesta o interesado, a caída prodúcese despois dunha manobra evasiva cun viandante sen identificar e que non se atopaba no lugar dos feitos, o cal puidera ser o motivo do sinistro.”** E no informe realizado o día da caída dispónse: **“Que tras realizar una inspección ocular se comprueba que la vía está formada por adoquines, la cual parece encontrarse en buen estado, sin resaltos o hundimientos defectuosos o graves que pudieran afectar a la circulación de vehículos, más allá de los propios en una vía adoquinada”.**
- No departamento de obras públicas do Concello de Ribeira non se tivo constancia do sucedido, **dispoñendo a enxeñeira municipal o seguinte respecto ao estado da vía: “(...) en el mes de octubre de 2022 se procedió a la revisión del tramo de vía en donde se ha colocado adoquinado acompañado de guías de chapa de granito a la altura del número 54 de Deán Pequeño, y se observa que no faltan piezas (adoquines), ni existe ninguna rotura, ni bache de importancia, lo normal en una calle de adoquines (menos de 1 cm). También se aprecian varias tapas de registro pero resulta que están enrasadas con la vía en cuestión. No se observa ningún obstáculo o defecto en la vía que pudiera provocar el accidente de bicicleta por el que se reclama, ni tampoco ninguna reciente reparación que pudiera ser indicativa de la existencia de algún defecto en el tiempo que tuvo lugar el accidente (...).”**
- O reclamante non presentou proba testemuñal dos feitos polos que se reclama, a pesar de que a citada proba foi solicitada na instrución do expediente.



Da análise das probas referidas, extraemos a seguinte conclusión: que non se ten suficientemente demostrado a existencia de nexo de causalidade, pois non resulta probado a existencia dun obstáculo, e polo tanto non resulta probado que aquel tivera entidade tal como para provocar a caída do reclamante. Dos informes emitidos, tanto pola Policía local como pola enxeñeira municipal, extraese a conclusión do bo estado da vía. Indicando a Policía local como posible causa do sinistro a manobra evasiva cun viandante que camiñaba neses intres no mesmo sentido que o reclamante.

Non basta, polo tanto, con que o reclamante afirme que sufriu unha caída a consecuencia do mal estado da calzada para apreciar a existencia de responsabilidade patrimonial. En primeiro lugar, porque **non resulta suficientemente demostrado a existencia de ningún defecto ou obstáculo e que iso fose a causa da caída**. E, en segundo lugar, por canto **dita responsabilidade so xorde cando o obstáculo, para o caso de existir, supera o que é o normal límite de atención esixible no deambular**, isto é, cando o defecto presenta un plus de perigosidade mais alá da atención ordinaria que debe prestarse ao camiñar, por non ser esixible como fundamento dunha reclamación de responsabilidade patrimonial unha total uniformidade na vía pública, senón que o estado da vía sexa o suficientemente uniforme como para resultar facilmente superable cun nivel de atención esixible socialmente pois doutra forma estaríase facendo un chamamento á falta de responsabilidade individual pese a constituír esa responsabilidade un dos fundamentos da vida social.

Neste sentido, ten insistido a doutrina xurisprudencial do Tribunal Supremo que a Administración Pública responde de forma directa e inescusable de todo dano antixurídico sempre que sexa causado polo funcionamento da actividade administrativa, pero elo non significa que a responsabilidade patrimonial converta ás Administracións Públicas en aseguradoras universais de todos os riscos sociais.

Sinala o Alto Tribunal, que non pode garantirse totalmente aos peóns que non sufrirán unha caída na rúa e polo tanto os viandantes, para evitar as caídas, teñen que observar tamén a dilixencia debida, que será maior ou menor segundo as circunstancias persoais de cada un pois non é posible estender a cobertura do servizo público viario ata garantir a ausencia total de deficiencias que, aínda séndoo, dificilmente poden ser consideraras como xuridicamente relevantes na xeración dun risco cuxa produción constitúa á Administración na obriga de resarcilo por canto mais que unha ausencia de servizo ou un servizo defectuoso tales deficiencias poden encontrarse dentro de parámetros de razoabilidade que deben cualificarse como riscos sociais admitidos propios da vida colectiva e socialmente tolerados.

Nas rúas, paseos e avenidas das cidades e pobos existen multitude de desniveis, orificios, irregularidades de pequena entidade susceptibles de provocar un tropezo e a consecuente caída do peón, pero elo non é razón suficiente para entender que se produce un deficiente funcionamento do servizo público, porque de admitirse así, estaríase esixindo ás Administracións unhas labores de mantemento e conservación inabarcables, desproporcionadas e por outra parte imposibles de cumprir que habería de conlevar a constante e continua vixilancia das rúas e beirarrúas en toda a extensión do trazado urbano, e aínda así, non podería garantirse o seu perfecto estado.



Por todo o exposto, visto o informe xurídico emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 17/03/2023, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por D. Juan Manuel Olveira Alcalde polas causas e fundamentacións expostas nos parágrafos precedentes.

14.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR D^a M^a JOSÉ MURAS GONZÁLEZ POLOS DANOS E LESIÓN SUFRIDOS POR MOR DUNHA CAÍDA NA VÍA PÚBLICA. EXPEDIENTE 2022 RESP000014.

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **D^a M^a JOSÉ MURAS GONZÁLEZ** co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

FEITOS

Primeiro.- O día 26 de maio de 2022, D^a M^a José Muras González, con DNI número 76515222H, camiñaba pola beirarrúa da Rúa do Vilar, parroquia de Palmeira, deste termo municipal, cando sufriu unha caída ó tropezar cun lastro que non estaba ben colocado.

Segundo.- Como consecuencia deste accidente, a Sra. Muras González tivo que acudir ó servizo de urxencias do Hospital da Barbanza, no que foi diagnosticada de escordadura no nocello esquerdo. Ademais das lesións referidas, a Sra. Muras González rompeu as lentes que levaba postas no momento do accidente.

Terceiro.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 30/05/2022 co número 10.045, D^a M^a José Muras González, promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Ribeira polos danos e lesións sufridos, solicitando unha indemnización total de 389 euros pola rotura das lentes.

Co escrito de presentación da súa reclamación achega a seguinte documentación: tres fotografías do lugar da caída: e o informe de alta do servizo de urxencias do Hospital da Barbanza.

Posteriormente, mediante escrito rexistrado de entrada na data 01/06/2022 co número 10.200, achega factura emitida por “*Federópticos Filgueira Martínez*”, pola contía de 389 euros.

Cuarto.- Na instrución do expediente de responsabilidade, xuntáronse a el: informe emitido na data 16/09/2022 pola Policía Local; Acta testemuñal realizada na data 07/02/2023; e informe emitido na data 09/02/2023 pola enxeñeira municipal.

Quinto.- Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 10 días hábiles, prazo no que non consta a presentación de alegacións.

FUNDAMENTOS DE DEREITO



PRIMEIRO.-

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 17/06/2019.

SEGUNDO.-

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

TERCEIRO.-

O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

De acordo co disposto no artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliable economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 34 da Lei 40/2015, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. Non serán indemnizables os danos que se deriven de feitos ou circunstancias que non se puideran prever ou evitar segundo o estado dos coñecementos da ciencia ou da técnica existentes no momento de produción daqueles, todo elo sen prexuízo das prestacións asistenciais ou económicas que as leis poidan establecer para estes casos. (...) 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación fiscal, de expropiación forzosa e demais normas aplicables, ponderándose, no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. Nos casos de morte ou lesións corporais poderase tomar como referencia a valoración incluída nos baremos da normativa vixente en materia de Seguros obrigatorios e da Seguridade Social. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo da súa actualización á data en que se poña fin ao procedemento de responsabilidade con arranxo ao índice de Garantía da Competitividade, fixado polo Instituto Nacional de Estadística, e dos intereses que procedan por demora no pago da indemnización fixada, os cales esixiranse con arranxo ao establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Presupostaria, ou, no seu caso, as normas presupostarias das Comunidades Autónomas. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para logra-la reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.



O artigo 67.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico ás persoas, o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

CUARTO.-

En referencia agora ó presente caso, **está lexitimada a Sra. Muras González para deducir a reclamación de indemnización dos danos e lesións que pretende por ter sufrido a caída na vía pública**, tal e como consta no informe médico que achega coa súa reclamación. E fíxoo en tempo e forma idóneas, por canto formulou a súa petición antes de transcorrido un ano a contar desde a data do accidente.

Polo que se refire ao fondo material da cuestión que suscita a reclamación presentada, cómpre ter en conta que **o dano material ten que ser aceptado como certo á vista da factura de reposición das lentes que achega a reclamante co seu escrito de demanda de responsabilidade patrimonial**.

Enténdese, sen embargo, e ó amparo dos informes obrantes no expediente, que a lexitimación pasiva non corresponde ó Concello de Ribeira, por non ser o titular do lugar no que ocorreu o accidente, e, polo tanto, non ser a Administración responsable da vixilancia, mantemento e conservación do mesmo.

Así a enxeñeira municipal en informe emitido na data 09/02/2023, dispón que: *“En relación al expediente de referencia se afirma que la acera donde se produjo la caída está en la Rúa do Vilar, en la parroquia de Palmería, que pertenece al vial AC-305, cuya titularidad no es municipal, sino autonómica, por lo que su mantenimiento y conservación, tanto de la calzada como de las aceras, no corresponde al Concello de Ribeira.”*

Non cumpríndose todas as cuestións formais e os presupostos xurídicos esenciais da responsabilidade patrimonial, ao fallar a lexitimación pasiva do Concello de Ribeira, non procede entrar nas cuestións de fondo que suscita o expediente, como é a concorrencia ou non dunha relación de causalidade entre os danos acreditados e o funcionamento do servizo público.

Por todo o exposto, visto o informe xurídico emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 20/03/2023, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

PRIMEIRO.- Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por D^a M^a José Muras González polas causas e fundamentacións expostas nos parágrafos precedentes.

SEGUNDO.- Remitir ás actuacións á administración autonómica e notificar esta circunstancia ós interesados, de conformidade co disposto no artigo 14.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.



15.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR D^a JUDITH MORALES ESTEBAN, EN NOME E REPRESENTACIÓN DE D^a PATRICIA CASTRO GONZÁLEZ, POLAS LESIÓNS SUFRIDAS POR MOR DUNHA CAÍDA NA RÚA DE GALICIA. EXPEDIENTE 2022 RESP000009.

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **D^a PATRICIA CASTRO GONZÁLEZ** co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

FEITOS

Primeiro.- O día 28 de setembro de 2021, D^a Patricia Castro González, con DNI número 52.935.475-D, ía camiñando xunto a unha amiga pola Rúa de Galicia, cando, á altura do número 39, fronte ó establecemento comercial denominado “Merissel”, tropezou cun sumidoiro mal colocado o que fixo que caera ó chan sobre o seu costado esquerdo.

Segundo.- Como consecuencia da caída, a Sra. Castro González tivo que ser atendida no Hospital da Barbanza, onde lle diagnosticaron contusións na man esquerda e no cóbado e xeonllo esquerdo.

Terceiro.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 26/04/2022 co número 202200007937, D^a Patricia Castro González promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Ribeira polas lesións sufridas pola mencionada caída, solicitando unha indemnización total de 1.880,60 euros, como consecuencia de 18 días de prexuízo moderado e 1 punto de secuela na man.

Co escrito de presentación da súa reclamación, achega a seguinte documentación:

- Escrito de apoderamento e representación en favor de D^a Judith Morales Esteban.
- Informe de alta de urxencias do Hospital do Barbanza de data 28/09/2021.
- Informe de Saúde do Centro de Saúde Boiro de data 30/03/2022.

Cuarto.- Na instrución do expediente de responsabilidade, xuntáronse a el: informe realizado pola Policía local sobre o parte de servizo número 1687; informe emitido por Viaqua, rexistrado de entrada na data 03/10/2022 co número 202200018998; acta testemuñal realizada na data 07/02/2023; e informe emitido na data 13/02/2023 pola enxeñeira municipal.

Quinto.- Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 10 días hábiles, prazo no que non consta a presentación de alegacións por ningunha das partes interesadas no expediente.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.-

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 17/06/2019.

SEGUNDO.-



Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

TERCEIRO.-

O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

De acordo co disposto no artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliable economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 34 da Lei 40/2015, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. Non serán indemnizables os danos que se deriven de feitos ou circunstancias que non se puideran prever ou evitar segundo o estado dos coñecementos da ciencia ou da técnica existentes no momento de produción daqueles, todo elo sen prexuízo das prestacións asistenciais ou económicas que as leis poidan establecer para estes casos. (...) 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación fiscal, de expropiación forzosa e demais normas aplicables, ponderándose, no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. Nos casos de morte ou lesións corporais poderase tomar como referencia a valoración incluída nos baremos da normativa vixente en materia de Seguros obrigatorios e da Seguridade Social. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo da súa actualización á data en que se poña fin ao procedemento de responsabilidade con arranxo ao índice de Garantía da Competitividade, fixado polo Instituto Nacional de Estadística, e dos intereses que procedan por demora no pago da indemnización fixada, os cales esixiranse con arranxo ao establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Presupostaria, ou, no seu caso, as normas presupostarias das Comunidades Autónomas. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para logra-la reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.

O artigo 67.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico ás persoas, o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

CUARTO.-



En referencia agora ó presente caso, **está lexitimada a Sra. Patricia Castro González para deducir a reclamación de indemnización dos danos e lesións que pretende por ter sufrido as consecuencias lesivas do accidente** ocorrido na data 28/09/2021 en vía pública, e fíxoo en tempo e forma idóneas, por canto formulou a súa petición antes de transcorrido un ano a contar desde a súa curación.

Faino representada por D^a Judith Morales Esteban, que acredita a súa representación mediante escrito de apoderamento e representación debidamente asinado.

A lexitimación pasiva, pola súa parte, corresponde ó Concello de Ribeira, por ser o titular da vía na que ocorreu o accidente, e, polo tanto, ser a Administración responsable da vixilancia e conservación da mesma, pois de conformidade co disposto nos artigos 25.1 d) e 26.1 a) da Lei 7/1985, do 02 de abril, reguladora das bases do réxime local, os municipios teñen competencia en materia de *“infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade”*, debendo prestar, en todo caso, o servizo de *“pavimentación de vías públicas urbanas”*, o que necesariamente inclúe o seu mantemento.

Centrándonos agora na análise da reclamación propiamente dita, o que si parece claramente acreditado é a realidade das lesións sufridas pola Sra. Castro González. Así se deduce dos partes médicos que achega a reclamante.

Sen embargo, e logo de dar por sentado que non se aprecia a concorrencia dunha causa ou circunstancia de forza maior, **cómpre facer estimación da existencia de nexo de causalidade entre o funcionamento do servizo público municipal e as lesións producidas, por canto a reclamante conecta as súas lesións co estado defectuoso no que se atopaba un sumidoiro existente na rúa pola que transitaba na data do accidente.**

Da documentación achegada ao expediente na fase de instrución, resulta que:

- A Policía Local do Concello de Ribeira emite parte de servizo o día 28/09/2021, debido á comparecencia nas dependencias policiais de D^a Patricia Castro González. No citado parte de servizo faise constar o seguinte: *“(…) Comunica que iba andando por la zona peatonal y cayó al tropezar con una baldosa suelta a la altura de la Rúa Manuel Lustres Rivas con Rúa Galicia. Informa de que quiere interponer una reclamación por las lesiones producidas. Se le comunica que tiene que acudir a un centro médico para realizar un parte de lesiones. En el momento de la comparecencia no se puede comprobar el estado del lugar. Se acude posteriormente a la zona y se puede observar una baldosa suelta, levantada entre unos 3,5 cm, que se balancea en función del lugar de la pisada. Motivo por el que puede producir un tropiezo o incluso una caída. Se pregunta a los empleados de los establecimientos cercanos si son conocedores de alguna caída, respondiendo que no sabían nada.”*
- A entidade VIAQUA no seu informe remitido na data 03/10/2022, dispón que non tiveron coñecemento da caída producida na data 28/09/2022 na rúa de Galicia, e que **tampouco tiveron constancia da existencia dun sumidoiro mal colocado á altura do número 39 da Rúa de Galicia. De feito, nese lugar non existe ningún sumidoiro como pode verse na fotografía que se adxunta ó informe.**
- No departamento de obras públicas do Concello de Ribeira tampouco se tivo constancia do sucedido, dispoñendo a enxeñeira municipal o seguinte respecto ao estado da Rúa de Galicia: *“(…) en el mes de febrero de 2023 se procedió a la*



revisión del tramo de calle a la altura del establecimiento “Merissell”, **observando un buen estado general de la misma, sin ninguna deficiencia ni obstáculo o defecto que pudiese suponer un peligro para los viandantes.** Tampoco se observan indicios de reparaciones recientes que pudieran ser indicativas de defectos existentes en el pavimento de la calle. Y además, tal y como se dispone en el informe emitido por la entidad Viaqua y como puede apreciarse en las dos fotografías que se adjuntan a este informe, **en ese tramo de calle no existe ninguna alcantarilla. (...)”**

- Na Acta testifical que se inclúe no expediente recóllese canto segue da declaración da testemuña presentada pola reclamante: “O día do accidente estaba na tenda que rexenta na Rúa de Galicia denominada “Merissell”, cando se decatou de que unha persoa caera na vía pública, polo que saíu do seu establecemento e viu que unha muller se acabada de levantar do chan e queixábase de que lle doía un brazo. (...) **Non a viu caer, pero pensa que tropezou cun petril de pedra que había na rúa, ó carón da súa tenda, que chegaba á altura dos xeonllos, e no que tiña tropezado mais xente. Actualmente ese petril de pedra foi substituído por unha maceta. Non se decata da existencia de ningún sumidoiro na zona na que se produciu a caída.”**

Da análise das probas referidas, extraemos a seguinte conclusión: **que non se ten suficientemente demostrado a existencia de nexo de causalidade, pois non resulta probado a existencia dun sumidoiro mal colocado, e polo tanto non resulta probado que aquel tivera entidade tal como para provocar a caída da reclamante.** O informe da enxeñeira municipal, o informe da entidade Viaqua e a declaración da testemuña proposta pola propia reclamante, son conteste en afirmar que, na zona onde a reclamante di ter sufrido a caída, non existe ningún sumidoiro. Así mesmo, **a propia reclamante incorre en contradicións con respecto ó lugar da caída e ó motivo da mesma,** pois na súa comparecencia nas dependencias da Policía Local ás 16:21 horas do día 28/09/2021 afirma que “(...) iba andando por la zona peatonal y cayó al tropezar con una baldosa suelta a la altura de la Rúa Manuel Lustres Rivas con Rúa Galicia (...).” Mentres que no seu escrito de reclamación expónse o seguinte: “Sobre el 28 de septiembre, mi clienta esta caminando junto a una amiga en Rúa de Galicia, justamente a la altura del número 39, frente a la tienda de calzado Merissell. La caída fue sobre su costado izquierdo, por el tropiezo de mi clienta con una alcantarilla mal puesta (...).”

Non basta, polo tanto, con que a reclamante afirme que tropezou cun sumidoiro mal colocado para apreciar a existencia de responsabilidade patrimonial. En primeiro lugar, porque non resulta suficientemente demostrado a existencia do sumidoiro mal colocado e que iso fose a causa da caída. E, en segundo lugar, por canto dita responsabilidade só xorde cando o obstáculo, **para o caso de existir,** supera o que é o normal límite de atención esixible no deambular, isto é, cando o defecto presenta un plus de perigosidade máis alá da atención ordinaria que debe prestarse ao camiñar, por non ser esixible como fundamento dunha reclamación de responsabilidade patrimonial unha total uniformidade na vía pública, senón que o estado da vía sexa o suficientemente uniforme como para resultar facilmente superable cun nivel de atención esixible socialmente pois doutra forma estaríase facendo un chamamento á falta de responsabilidade individual pese a constituír esa responsabilidade un dos fundamentos da vida social.

Neste sentido, ten insistido a doutrina xurisprudencial do Tribunal Supremo que a Administración Pública responde de forma directa e inescusable de todo dano antixurídico



sempre que sexa causado polo funcionamento da actividade administrativa, pero elo non significa que a responsabilidade patrimonial converta ás Administracións Públicas en aseguradoras universais de todos os riscos sociais.

Sinala o Alto Tribunal, que non pode garantirse totalmente aos peóns que non sufrirán unha caída na rúa e polo tanto os viandantes, para evitar as caídas, teñen que observar tamén a dilixencia debida, que será maior ou menor segundo as circunstancias persoais de cada un pois non é posible estender a cobertura do servizo público viario ata garantir a ausencia total de deficiencias que, aínda séndoo, dificilmente poden ser consideraras como xuridicamente relevantes na xeración dun risco cuxa produción constitúa á Administración na obriga de resarcilo por canto mais que unha ausencia de servizo ou un servizo defectuoso tales deficiencias poden encontrarse dentro de parámetros de razoabilidade que deben cualificarse como riscos sociais admitidos propios da vida colectiva e socialmente tolerados.

Nas rúas, paseos e avenidas das cidades e pobos existen multitude de desniveis, orificios, irregularidades de pequena entidade susceptibles de provocar un tropezo e a consecuente caída do peón, pero elo non é razón suficiente para entender que se produce un deficiente funcionamento do servizo público, porque de admitirse así, estaríase esixindo ás Administracións unhas labores de mantemento e conservación inabarcables, desproporcionadas e por outra parte imposibles de cumprir que habería de conlevar a constante e continua vixilancia das rúas e beirarrúas en toda a extensión do trazado urbano, e aínda así, non podería garantirse o seu perfecto estado.

Por todo o exposto, visto o informe xurídico emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 20/03/2023, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por D^a Patricia Castro González polas causas e fundamentacións expostas nos parágrafos precedentes.

16.- SOLICITUDE PINTADO LIÑA AMARELA EN RÚA ESCORIAL (CORRUBEDO)

Visto o escrito presentado por **José Francisco Parente Martínez** en representación dos veciños da Rúa Escorial (Corrubedo), de data 10/03/2023 (Rexistro de entrada nº 6.152), no que solicita o pintado de liña amarela á altura do nº 6 da Rúa Escorial (Corrubedo) para evitar problemas de circulación e estacionamento na entrada e saída de persoas a esa vivenda.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** autorizar o pintado de liña amarela diante da vivenda situada no nº 6 da Rúa Escorial (Corrubedo), con finde evitar os problemas ocasionados polos estacionamentos dos vehículos que impiden a entrada/saída das persoas que viven nese domicilio

17.- SOLICITUDE CELEBRACIÓN DA “FESTA DA CHORIMA” – ASC BANDOURRÍO

Visto o escrito presentado por José Ramón Oujo Martínez en representación da **ASC Bandourrío**, de data 16/03/2023 (Rexistro de entrada nº 6.811), no que solicita autorización



para a celebración da “Festa da Chorima”, o día 05/04/2023 en horario de 21:00 h. a 03:00 h., así como reserva de espazo o día 05/04/2023 e o día 06/04/2023 pola mañá, na Avenida do Malecón (Ribeira) entre os números 1 e 10 para a celebración da festa; así como reforzo de servizo de limpeza ao rematar e 6 contedores de lixo.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar a celebración da “Festa da Chorima”, o día 05/04/2023 en horario de 21:00 h. a 03:00 h., así como reserva de espazo o día 05/04/2023 e o día 06/04/2023 pola mañá, na Avenida do Malecón (Ribeira) entre os números 1 e 10 para a celebración da festa
- Reforzo de servizo de limpeza ao rematar e 6 contedores de lixo
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento

18.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL (CONCERTO) EN LOCAL DE HOSTALERÍA – Manuela Pérez Pouso

VISTO o escrito presentado por **Manuela Pérez Pouso**, en representación do establecemento “Pedra Pateira”, de data 16/03/2023 (Rexistro de entrada nº 6.805), no que solicita permiso para evento musical (Concerto) no establecemento hostaleiro “Pedra Pateira” (Ribeira), o día 1 de abril de 2023, en horario de 21:30 h. a 00:00 h.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

PRIMEIRO.- Conceder autorización (Debendo cumprir co horario establecido nas instrucións) a **Manuela Pérez Pouso**, para evento musical (Concerto) no establecemento hostaleiro “Pedra Pateira” (Ribeira), o día 1 de abril de 2023, nas condicións establecidas pola “Instrucións de actuacións musicais de pouca entidade Concello de Ribeira”, aprobada pola Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada en data 20/10/2022, e aprobada corrección na Xunta de Goberno Local de data 16/02/2023, e na que se establece:

“(…)”

5.- DATAS E HORARIOS:

5.1. Sábados, domingos e festivos: Sesión “Vermú”: entre 13.00 h e 16.00 h.

5.2. Interior de Locais:

5.2.1. Café Bar:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 23.00 h.

Sábados e víspera de festivo: de 20.00 h a 00.00 h.

5.2.2. Cafetería:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 23.00 h.

Sábados e víspera de festivo: de 20.00 h a 00.00 h.

5.2.3. Pubs e café concerto:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 02.00 h

Sábados e víspera de festivos: de 20.00 h a 02.00 h.

5.3. Exterior de locais: Para todas as licenzas:

Venres: de 20.00 h a 23.00 h

Sábados e víspera de festivos: de 20.00 h a 00.00 h.



ACLARACIÓN: Os locais que queiran realizar unha actuación en interior o poderán realizar os mércores o xoves en horario comprendido entre as 20.00 h e 23.30 h, como máximo un día á semana. Exceptúanse desta consideración os locais que dispoñan de licenza de pub, que se rexerán pola mesma.

(...)"

SEGUNDO.- Durante a celebración do evento (Concerto) a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor de "Pedra Pateira" (Ribeira) (**Manuela Pérez Pouso**), deberá estar localizado en todo momento para o cal deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

TERCEIRO.- Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumplan as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:

- O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: "O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable."
- O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: "1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)"
- O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: "Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal."
- O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: "Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable."

CUARTO.- Notificar asimesmo a presente resolución ao Inspector Xefe accidental da Policía Local de Ribeira, Sr. José Manuel Bretal Laranga para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.



QUINTO- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

SEXTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

19.- SOLICITUDE CELEBRACIÓN “FESTA POPULAR NA HONRA DAS DOLORES DE SIRVES” (OLVEIRA) – Asociación Cultural As Dunas

Visto o informe favorable presentado pola Concelleira Delegada de Cultura, María José Sampedro Fernández, de data 16/03/2023, relativo á autorización para a celebración da “Festa Popular na honra das Dolores de Sirves”, os días 15 e 16/04/2023, na explanada do Polideportivo de Sirves (Olveira), con verbena nocturna, sesión vermú, alboradas e pirotecnia; solicitada por José Manuel Martínez Suárez en representación da **Asociación Cultural As Dunas**, mediante escrito de data 07/03/2023 (Rexistro de entrada nº 5.821).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar a celebración da “Festa Popular na honra dos Dolores de Sirves” os días 15 e 16 de abril de 2023.**
- Que revisada a Declaración Responsable presentada polo solicitante, e de conformidade coa normativa vixente en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, Lei 10/2017 de 17 de decembro, procede requirir ao interesado que se substitúa pola **Declaración de Responsabilidade anexa**, e unha vez cuberta e asinada sexa presentada neste concello antes da data de celebración da programación obxecto deste informe.



- c) Dar traslado as áreas municipais para atender necesidades de limpeza, seguridade cidadá, ocupación da vía pública e en particular da explanada do Polideportivo de Sirves.

20.- AXUDAS PARA MEDIDAS DE APOIO AO PROGRAMA DE INCLUSIÓN SOCIAL- B.B.I.

Vista a proposta da **Concelleira Delegada de Servizos Sociais, Promoción Social, Igualdade e Diversidade**, Ana Isabel Barreiro Rego, de data 14/03/2023, en relación á solicitude de axuda para medidas de apoio ao programa de inclusión social do Concello de Ribeira presentada por **B.B.I.**, mediante escrito de data 14/03/2023 (Rexistro de entrada nº 6.481).

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente e visto o **informe social** favorable emitido pola Traballadora Social, María Francisca Vidal Regueira, de data 13/03/2023, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

Conceder a B.B.I. unha axuda económica consistente no pago dun importe total de **306,01 €**, en concepto de adquisición de equipo básico da vivenda, vitrocerámica e microondas.

21.- AXUDAS PARA MEDIDAS DE APOIO AO PROGRAMA DE INCLUSIÓN SOCIAL- B.M.

Vista a proposta da **Concelleira Delegada de Servizos Sociais, Promoción Social, Igualdade e Diversidade**, Ana Isabel Barreiro Rego, de data 16/03/2023, en relación á solicitude de axuda para medidas de apoio ao programa de inclusión social do Concello de Ribeira presentada por **B.M.**, mediante escrito de data 03/03/2023 (Rexistro de entrada nº 5.428).

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente e visto o **informe social** favorable emitido pola Traballadora Social, María Francisca Vidal Regueira, de data 13/03/2023, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

Conceder a B.M. unha axuda económica consistente no pago dun importe total de **450,00 €**, en concepto de un mes de aloxamento de urxencia.

22.- SOLICITUDE PERMISO CORTA DE ÁRBORES – María Salomé Pérez Pérez

Expediente nº 2023TMA-000008

Ref. catastral nº 15074A007011050000KZ

Localización: Gándaras, Coroso, Palmeira, Ribeira

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

1. ANTECEDENTES

Escrito presentado por María Salomé Pérez Pérez, de data 15 de marzo de 2023 (entrada núm. 6.589), mediante o que solicita autorización para efectuar unha corta de arborado na súa finca, localizada na paraxe de Gándaras, Coroso, Palmeira, Ribeira.



Informe emitido polo Técnico Municipal de Medio Ambiente, de data 16 de marzo de 2023, no que se conclúe que a solicitude non precisa efectuar o trámite de corta (declaración/autorización) ante a administración autonómica competente na materia, a Consellería de Medio Rural; indica a clasificación do solo no que se pretende levar a cabo a acción; e establece unhas condicións para o desenvolvemento dos traballos.

2. CONSIDERACIÓNS LEGAIS E/OU TÉCNICAS

De conformidade co previsto no artigo 2.2 da *Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia*, o solo onde se prevé realizar a corta (solo de núcleo rural) non ten a consideración de monte ou terreo forestal.

De conformidade co previsto no artigo 6.2.c) do *Decreto 73/2020, do 24 de abril*, non requiren declaración responsable nin autorización administrativa: “c) *Os aproveitamentos forestais en terreos que non teñan a consideración de monte, sen prexuízo da excepción prevista para os terreos de especial protección na Lei 7/2012.*”

3. RESOLUCIÓN

Vista a proposta de resolución emitida ao respecto polo Técnico Municipal de Medio Ambiente, Ignacio L. Fernández Veiga, de data 16/03/2023, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Autorizar a xestión da biomasa accesoria e a corta das árbores obxecto da solicitude, nas condicións referidas no informe emitido polo Servizo Municipal de Medio Ambiente, que consta no expediente.

23.- SOLICITUDE PERMISO CORTA DE ÁRBORES – Juan Francisco Santalla Pérez

Expediente nº 2023TMA-000009

Ref. catastral nº 15074A007011030000KE

Localización: Gándaras, Coroso, Palmeira, Ribeira

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

1. ANTECEDENTES

Escrito presentado por Juan Francisco Santalla Pérez (**4896***), escrito de data 15 de marzo de 2023 (entrada núm. 6.604), mediante o que solicita autorización para efectuar unha corta de arborado na súa finca, localizada na paraxe de Gándaras, Coroso, Palmeira, Ribeira.

Informe emitido polo Técnico Municipal de Medio Ambiente, de data 16 de marzo de 2023, no que se conclúe que o solicitante non precisa efectuar o trámite de corta (declaración / autorización) ante a administración autonómica competente na materia, a Consellería de Medio Rural; indica a clasificación do solo no que se pretende levar a cabo a acción; e establece unhas condicións para o desenvolvemento dos traballos.

2. CONSIDERACIÓNS LEGAIS E/OU TÉCNICAS



De conformidade co previsto no artigo 2.2 da *Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia*, o solo onde se prevé realizar a corta (solo de núcleo rural) non ten a consideración de monte ou terreo forestal.

De conformidade co previsto no artigo 6.2.c) do *Decreto 73/2020, do 24 de abril*, non requiren declaración responsable nin autorización administrativa: “c) *Os aproveitamentos forestais en terreos que non teñan a consideración de monte, sen prexuízo da excepción prevista para os terreos de especial protección na Lei 7/2012.*”

3. RESOLUCIÓN

Vista a proposta de resolución emitida ao respecto polo Técnico Municipal de Medio Ambiente, Ignacio L. Fernández Veiga, de data 16/03/2023, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Autorizar a xestión da biomasa accesoria e a corta das árbores obxecto da solicitude, nas condicións referidas no informe emitido polo Servizo Municipal de Medio Ambiente, que consta no expediente.

24.- CONCESION DE PREMIOS AOS GÑADORES DO CONCURSO DE DISFRACES ENTROIDO 2023

Vista a proposta da **Concelleira Delegada de Cultura**, María José Sampedro Fernández, de data 20/03/2023, relativa á concesión de premios aos gañadores do Concurso de Disfraces Entroido 2023, nas categorías individual, parella e grupo.

Vista a documentación que consta no expediente

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

a) **Aprobar** a concesión dos tres premios aos gañadores na categoría **individual**:

POSTO	NOME DO DISFRAZ	NOME E APELIDOS	IMPORTE
1º	CONEJO, ALICIA PAÍS DE LAS MARAVILLAS	Paula García Sobrido	150,00 €
2º	REINA DE INGLATERRA	Susana Parada Gómez	75,00 €
3º	REY LEÓN	Ismael Crujeiras Silva	50,00 €

b) **Aprobar** a concesión dos tres premios aos gañadores na categoría **parella**:

POSTO	NOME DO DISFRAZ	NOME E APELIDOS	IMPORTE
1º	EL LIBRO DE LA VIDA	Encarna Bretal Laranga	250,00 €
2º	KFC POLLO POLLO	María Cascallar Vidal	150,00 €
3º	LOS JODEMALU	Alba Lozano	100,00 €

c) **Aprobar** a concesión dos tres premios aos gañadores na categoría **grupo**:

POSTO	NOME DO DISFRAZ	NOME E APELIDOS	IMPORTE
1º	AS KATY PERRY DO XA COMÍN	Cora Villa Varela	500,00 €
2º	TRAGABOLAS	Miriam Pouso Sampedro	300,00 €
3º	TARTARUGAS MUTANTES	Laura Riveiro Rodríguez	200,00 €

d) **Aprobar** o inicio do trámite para abonar os correspondentes premios económicos



25.- CAMBIO DE TITULARIDADE DE DEREITOS FUNERARIOS - Tomasa Fernández Santamaría.

VISTA a solicitude presentada con data 15 de marzo de 2023 por **Dna. Tomasa Fernández Santamaría**, no senso de que ante o pasamento de D. Antonio Fernández González, titular dos dereitos funerarios correspondentes á sepulturas **2433, 2434, 2435, 2436 e 2437** sitas no cemiterio municipal de Ribeira, sendo heredeira quen suscribe, se expidan aos novos títulos funerarios a nome de Dna Tomasa Fernández Santamaría e heredeiros

ACREDITADA a titularidade dos referidos nichos nos termos expostos según a documentación obrante no expediente de referencia e

CONSIDERANDO o artigo 4 do Regulamento de Bens das Entidades Locais según o cal os cemiterios son bens de servizo público destinados directamente ao cumprimento de fins públicos de responsabilidade das Entidades Locais, de carácter obrigatorio para os Concellos conforme ao artigo 25.2.j da LBRL, sobre os que os particulares nunca adquiren a propiedade, senón un dereito a utilizar a tumba, nicho ou panteón durante o tempo que lle dure a concesión.

CONSIDERANDO que as concesións para a utilización dos nichos, que teñen un prazo de caducidade, transmítense, como calquera outro ben, conforme ao que establece o Código Civil.

VISTO o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Secretario Xeral, Juan Manuel Salguero de Valle, de data 21/03/2023.

A Xunta de Goberno Local, no uso das delegacións conferida pola Alcaldía a través de resolución de data 17 de xuño de 2019, **acorda** por unanimidade dos seus membros:

Primeiro: -Que se procede á transmisión a favor de **Dna. Tomasa Fernández Santamaría** e heredeiros dos dereitos concesionais que sobre os nichos do cemeterio municipal **2433, 2434, 2435, 2436 e 2437**, actualmente figuran a nome de D. Antonio Fernández González.

Segundo: -Que conforme ó disposto nos artigos 23 e 57 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e a Ordenanza Municipal que os desenvolve no Concello de Ribeira procédase a xirar á nova titular da concesión unha taxa por importe de 44,07€ conforme ó procedemento establecido.

Terceiro: -Que do presente acordo se dé traslado ós interesados para a súa constancia e efectos oportunos.

Cuarto: -Que do presente acordo se xire comunicación ós Departamentos Municipais de licenzas, e Tesourería para a súa constancia e efectos oportunos.

A Presidencia levanta a sesión sendo as 10:30 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

